

██████████  
Reclamante: ██████████

Exdte. Nº RSCTG 0017/2016

**ASUNTO: RESOLUCIÓN DA COMISIÓN DA TRANSPARENCIA NA RECLAMACIÓN PRESENTADA AO AMPARO DO ARTIGO 28 DA LEI 1/2016, DO 18 DE XANEIRO, DE TRANSPARENCIA E BO GOBERNO**

En resposta á reclamación presentada por ██████████, mediante escrito do 12 de xullo do 2016, a Comisión da Transparencia, considerando os Antecedentes e Fundamentos Xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** ██████████ presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 12 de xullo de 2016, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desatendida unha solicitude de acceso á información por parte da entidade Portos de Galicia.

A persoa interesada indicaba que hai unha desestimación por silencio ante a súa petición dos seguintes datos:

*“Datos dos expedientes de contratos menores de obra tramitados polo ente público desde 1 de xaneiro de 2014 ata a data.*

*Copia ou acceso aos expedientes para a contratación por lotes dos servizos de conservación, mantemento e mellora das instalacións eléctricas dos portos pertencentes a Portos de Galicia”.*

O escrito viña acompañado de fotocopia da solicitude dirixida a ██████████, con rexistro de entrada de 8 de abril de 2016, e copia da certificación da vixencia no cargo de ██████████ a favor de ██████████ emitido polo secretario da demarcación de Galicia do colexio.

**Segundo.** Con data de 1 de setembro de 2016 déuselle traslado da documentación achegada pola persoa interesada a Portos de Galicia para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración ten data do 7 de setembro de 2016.

**Terceiro.** Con data 6 de outubro de 2016, esta Comisión da Transparencia recibiu o informe de Portos de Galicia e o expediente elaborado.

O informe, en resumo, indicaba que o 18 de abril de 2016 tivo entrada na entidade Portos de Galicia unha solicitude de acceso á información pública en relación *“a datos dos expedientes de contratos de obra tramitados por esta Entidade Pública desde o 01.01.2014 ata a data, e copia ou acceso ós expedientes para a contratación por lotes do servizo de conservación, mantemento e mellora das instalacións eléctricas dos portos pertencentes a Portos de Galicia”*.

Dado que se trataba de información sobre expedientes de contratación pública que na súa meirande parte esixían elaboración, Portos de Galicia recoñece que houbo unha demora para achegar a información ao solicitante. Esta circunstancia produciu efectos xurídicos o silencio administrativo negativo.

O 8 de xullo de 2016, portos de Galicia recibe unha nova petición do Colexio de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos (datada do 5 de xullo) solicitando a documentación que se indicaba na primeira solicitude, ao tempo que amplía a relación de documentos solicitados inicialmente.

Á entidade pública Portos de Galicia no lle constaba a interposición perante o Valedor do Pobo do recurso substitutivo polo que- á vista da solicitude do 5 de xullo- Portos de Galicia resolve conceder o acceso á información a que se refire a solicitude deducida por ██████████, mediante a remisión do documentación e datos solicitada, conforme se indica, o que se acordou na data do 14 de xullo.

O informe indica literalmente:

*“O expediente de licitación e adxudicación da CONTRATACIÓN POR LOTES DOS SERVIZOS DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E MELLORA DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DOS PORTOS PERTENCENTES A PORTOS DE GALICIA está dispoñible para a súa consulta na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia no enderezo do procedemento <http://www.contratosdegalicia.es/resultado.jsp?N=17216> Sen prexuízo do anterior, no documento PDF: 2016--\_Outros expedientes solicitados aparece documentación complementaria sobre este servizo que integra o total da información solicitada sobre tal expediente.*

*En relación ao resto de documentación solicitada se remite a [REDACTED] os seguintes documentos PDF: 2016--\_Relación de Contratos Menores; 2014--\_Relación de contratos menores; 2015\_Relación de contratos menores”.*

O informe de Portos ven acompañado do expediente de transparencia nun CD.

A resolución da Presidencia de Portos de Galicia do 14 de xullo de 2016 foi notificada e recibida por [REDACTED], o mesmo día 14 de xullo de 2016.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

A lexislación aplicable a este procedemento ven configurada pola Ley 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno, de carácter básico, e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo á que se remiten as anteriores.

### **Primeiro.- Competencia**

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que, contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo.

O artigo 33 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, indica que corresponde á Comisión da Transparencia a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

## **Segundo.- Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno preceptúa que o seu procedemento axustarase ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, para as reclamacións perante o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno.

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, pola súa parte, sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa, e que se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

## **Terceiro.- Dereito de acceso á información pública**

- **Ámbito material**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida, como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

- **Lexitimación**

O preámbulo da Lei 19/2013, do 9 de decembre, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, sinala que a persoa solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información, no seu artigo 26.4.

- **Limitacións que poden afectar ao seu exercicio:**

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, prevé nos artigos 14 e 15 uns límites ao dereito ao acceso, por razón da materia e por mor da protección dos datos de carácter persoal. Todas as solicitudes, que non entren dentro destes límites deberán ser atendidas, agás que existan limitacións e así se xustifiquen debidamente co chamado test de danos, ou algunha das causas de inadmisión do artigo 18 desta lei.

- **Sobre a ampliación dos prazos para resolver sobre a solicitude de acceso:**

O artigo 20 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, establece que a resolución en que se conceda ou denegue o acceso deberáselle notificar ao solicitante e aos terceiros afectados que así o solicitasen no prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente

para resolver. Este prazo poderase ampliar por outro mes no caso de que o volume ou a complexidade da información que se solicita así o fagan necesario e logo de notificación ao solicitante.

O mesmo artigo preceptúa que serán motivadas as resolucións que deneguen o acceso, as que concedan o acceso parcial ou a través dunha modalidade distinta á solicitada e as que permitan o acceso cando houberse oposición dun terceiro. Neste último suposto, indícaráselle expresamente aa persoa interesada que o acceso só terá lugar cando transcorrese o prazo do artigo 22.2

#### **Cuarto.- Análise do expediente**

Consta que con data de 14 de xullo de 2016 se resolveu conceder o acceso á información e se remitiu a documentación solicitada. É obriga da administración notificarlle a [REDACTED] a necesidade de elaborar a información pública demandada, e proceder a ampliar o prazo conforme o disposto no artigo 20.1 por outro mes, o que se debe ter en conta á hora da tramitación destes expedientes.

A lei 19/2015, do 9 de decembro, no seu artigo 20.6 establece que o incumprimento reiterado da obriga de resolver no prazo terá a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos seus responsables para o réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora, polo que esta comisión faille expresa advertencia de que este retraso inicia o control de esta obriga.

#### **Quinto. En conclusión**

Procede recoñecer o dereito a recibir a información por parte dos solicitantes, se ben neste caso, esta, con retraso, xa foi achegada polo que procede o arquivo do expediente.

A comisión ten en conta o retraso da resolución nos termos previstos no artigo 20.6 da lei 19/2015, do 9 de decembro.

#### **RESOLUCIÓN**

En atención aos anteriores antecedentes, fundamentos xurídicos e conclusión, procede:

**Primeiro:** Arquivar a reclamación presentada por [REDACTED] como [REDACTED] con data 12 de xullo do 2016, contra a denegación por silencio de Portos de Galicia.

**Segundo:** Non procede darlle copia da información solicitada toda vez que xa lle foi enviada á persoa reclamante con data de 14 de xullo do 2016 por resolución da presidencia da entidade pública Portos de Galicia.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, de conformidade co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2016

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga